



CIDADE DAS MULLERES



VECIÑAS ILUSTRES DA CORUÑA, VOL. I



CIDADE DAS MULLERES

VECIÑAS ILUSTRES DA CORUÑA VOL. 1

EDITAN



COLABORA



COLECCIÓN NOROESTE

A Colección Noroeste (Ensaos de Periodismo e Comunicación) é unha iniciativa da Asociación da Prensa da Coruña (APC) e da Fundación Wenceslao Fernández Flórez (FWFF) en colaboración con Vía Láctea Editorial.

Dirección: Doda Vázquez Iglesias e Rubén Ventureira Novo.

Consello editorial: Mónica Barros Grela, Juan del Valle Codesal, José María Folgar de la Calle, José Luis Méndez Romeu, Manuel Rodríguez García e Antonio Suárez Calvo.

CIDADE DAS MULLERES. VECIÑAS ILUSTRES DA CORUÑA, VOL. 1

N.º 2 da Colección Noroeste.

EDITAN: Asociación da Prensa da Coruña (APC) e Fundación Wenceslao Fernández Flórez (FWFF).

COLABORA: Concello da Coruña.

COORDINA: Rubén Ventureira Novo. Coa colaboración de Manuel Rodríguez García e Doda Vázquez Iglesias.

TRADUCCIÓN AO GALEGO E REVISIÓN: Susana García e Ramiro Combo.

FOTOS: Xosé Abad, Xosé Castro, Víctor Echave, Xurxo Lobato, Alberto Martí, Benito Ordóñez, Óscar Paris, Íñigo Rolán, Arquivo da APC, Arquivo de Paz López-Nóvoa, Arquivo Histórico Municipal (A Coruña), Arquivo *La Vanguardia*, Arquivo Real Academia Galega, Colección Marisol Moro, Concello de Ferrol, Fundación Juana de Vega, Fundación Penzol, Librería Arenas, Museo Bea Rey (Sobrado dos Monxes).

IMPRIME: Esgraf Artes Gráficas.

DEPÓSITO LEGAL: C 123-2021.

ISBN: 978-84-09-27925-8.

AGRADECEMENTOS

Ángel Castiñeira, Guillermo Escrigas, J. M. Fernández Caamaño, Mercedes Fernández-Couto Tella, José Fernández Pernas, Rafael Inglada, Anxo Luxilde, Sonia Mauri Villalba, Miquel Molina Muntané, Marisol Moro, Montse Oreiro, Fernando Pereira, Andy Pérez, Ángel Purriños, Fernando Recamán Solla, José Francisco Saavedra, Enrique Sáez, Mariola Suárez, José Manuel Vareal (Biblioteca Universitaria de Oza), Pilar Vilaboy.

Todos os dereitos reservados, quedando prohibida, baixo apercibimento de esixencia das responsabilidades legais pertinentes, mesmo de orde penal se procedesen, a reprodución, total ou parcial, por calquera medio, e en calquera forma ou procedemento, de toda a obra, ou de parte dela, así como calquera outro acto de tratamento, cesión e/ou explotación (distribución, comunicación pública, posta á disposición, etc.), da totalidade ou parte desta, sen a autorización previa, expresa e por escrito, das entidades titulares.

ÍNDICE

8	Concepción Arenal
12	Carmela Arias
16	Ángela B. de Soto
20	Elvira Bao
24	María Barbeito
28	Inés de Ben
32	Celia Brañas
36	Emilia Calé
40	Manuela Cambronero
44	Sofía Casanova
48	María Casares
52	Rosalía de Castro
56	María Luisa Durán Marquina
60	Victoria Fernández España (Victoria Armesto)
64	Fanny Garrido
68	Modesta Goicouría
72	Irene González
76	Teresa Herrera
80	Rafaela Hervada
84	Carmen Losada
88	Rosalía Mera
92	María Luz Morales
96	Adelaida Muro
100	Emilia Pardo Bazán
104	María Pita
108	Mili Porta
112	Bea Rey
116	Carmen Salorio
120	Elisa Sánchez e Marcela Gracia
124	Sofía Toro
128	Juana de Vega
132	Luísa Villalta
136	Isabel Zendal
142	Fontes

FANNY GARRIDO

UNHA CORUÑESA COSMOPOLITA

AVANZADA AO SEU TEMPO

Laura Touriñán Morandeira

Estudos Históricos de Música en Galicia (ss. XI-XX) (GI-2025) USC

De ascendencia española-mexicana, Francisca Claudia Josefa Antonia González-Garrido y García —popularmente coñecida como Fanny Garrido— nace na Coruña o 30 de outubro de 1842, froito de lexítimo matrimonio entre Francisco de Borja González Garrido del Amo, natural de Vilafranca do Bierzo e primeiro médico do Hospital Militar da cidade, e Josefa García Cuenca, oriúnda de México. Ao cuarto día do seu nacemento, foi bautizada na igrexa parroquial de Santa María del Campo. A menor de tres irmás, Fanny gozou dunha exclusiva educación, propia da burguesía, e da oportunidade de viaxar por Centroeuropa, converténdose nunha muller culta, destra en artes e literatura, coñecedora de idiomas e *amateur* da música con gusto refinado para o canto e o piano.

Habitualmente, a figura de Fanny Garrido é coñecida por ter sido esposa do afamado compositor decimonónico galego Marcial del Adalid y Gurrea (1826-1881), con quen casou na Coruña o 16 de agosto de 1860. A obra de Adalid deixou testemuño do amor que este profesaba á súa esposa: a ela dedícalle *La pasionaria. Polka para piano; Bonheur au Ménage. Recueil de 3 Romances sans parole, Op. 49; Espoir; Regrets; 2ème Barcarolle*; a peza *N.º 1 Marguerite*, do primeiro caderno de romanzas Op. 5-6; e o vals *N.º 1 Vivo*, dos *Petits Riens. 6 Valses à la tudesque*. Este armonioso matrimonio pasaría a súa vida entre estadias en Oleiros, A Coruña e Madrid, con intermitentes viaxes ao estranxeiro (especialmente a París). En Lóngora, Fanny Garrido foi grande anfitroia de amigos intelectuais, artistas e nobres: Emilia Pardo Bazán, Sofía Casanova, Germán Taibo, Francisco Lloréns, Pan de Soraluce, Alfredo Tella, Pérez Lugín... Froito da sintonía entre ambos é a inspirada creación *Cantares viejos y nuevos de Galicia* (1877-1881), obra que funde a música de Adalid con algúns poemas de Fanny Garrido, dando lugar a fermosas melodías galegas de salón de espírito autóctono. Tras catorce anos de matrimonio, o 31 de maio de 1874, nace en Madrid a única filla

da parella, María del Adalid y González-Garrido, quen tamén recibiría desde nena unha educación exclusiva e coidada, formándose en idiomas, en música e en pintura.

O 16 de outubro de 1881, falece Adalid no Pazo de Lóngora aos 55 anos, causando a súa perda gran consternación no mundo da cultura. Queda viúva Fanny Garrido con 39 anos de idade e a cargo en solitario da súa filla, de tan só 7 anos. Desde entón, afronta a soidade centrada no coidado da pequena e no traballo, dando paso ao esplendor da súa obra literaria —coa que demostrou ser unha adiantada á intelectualidade feminina do último terzo do século XIX— e ao seu labor de defensa e fomento público da cultura de Galicia.

Seis anos despois, o 12 de xuño de 1887, contrae matrimonio en segundas nupcias co químico lucense José Rodríguez Mourelo (1857-1932), na igrexa de Santa Eulalia de Liáns (Oleiros). Establece agora a súa residencia en Madrid, deixando Lóngora para estadias estivais e vacacionais, e asiste a veladas sociais nas que se rodeará de homes de ciencia: Ramón y Cajal, Echegaray, Torres Quevedo, etc.

É ineludible a súa presenza na constitución da Sociedad del Folk-Lore Gallego, o 29 de decembro de 1883, xunto a Emilia Pardo Bazán e a nai desta. As tres foron as únicas mulleres asistentes, fronte a unha absoluta maioría masculina de socios fundadores. Feito semellante sucedeu o 15 de setembro de 1905, día en que formou parte dos «folkloristas considerados como socios fundadores» da «Academia Gallega», esta vez á beira doutras galegas ilustres, o que a levou a ser nomeada Académica Correspondente da Real Academia Galega.

A visión progresista das necesidades sociais e culturais da época quedou reflectida na súa obra literaria. Son coñecidas as súas novelas asinadas baixo o pseudónimo Eulalia de Liáns: *Escaramuzas* (Madrid, 1885) —na que se refire á cidade da Coruña co topónimo «Marineda», acuñado previamente por Pardo Bazán en *La Tribuna*—; *La Madre de Paco Pardo* (Madrid, 1898); e *Batallas*, hoxe inédita. Foron tamén diversas as súas colaboracións en prensa, con títulos como *Jaque-mate* (1887), *La fiesta de la patrona* (1887), *La situación agrícola* (1887), *Los infinitamente pequeños* (1892), *El problema de la mendicidad* (1909), *De cómo se salvan las vidas en la primera infancia* (1912), *Sueños, ideales, realidad* (1913); etc. E incuestionable é o valor das súas traducións ao

castelán de obras alemás, como *Viaje a Italia* (1891) —con prólogo crítico— ou *Teatro selecto* (1893) de Goethe.

A súa inquietude e solidariedade levaron a Fanny Garrido a participar en encontros científico-intelectuais de temáticas sociais e de saúde —ámbitos, de novo, maioritariamente masculinos— e a colaborar con institucións de diversa índole, sendo recoñecida a súa achega mediante cargos de diverso rango e en prensa da época.

O 11 de novembro de 1917, Fanny Garrido falece no seu domicilio de Madrid, aos 75 anos; ao día seguinte realizouse o funeral na igrexa parroquial de Santa Bárbara e recibiu sepultura no cemiterio de Santa María.

A RAÍÑA ISABEL II, IMPACTADA POLA SÚA FERMOSURA

A súa fermosura sempre foi trazo destacado nela. Ao noso tempo chegou a crónica coruñesa de que a raíña Isabel II, na súa viaxe a Galicia en 1858 para inaugurar o ferrocarril que unía a cidade da Coruña con Madrid, cruzouse con Fanny e, impactada pola súa beleza, ofreceuse a ser a súa madriña de voda. E esta anécdota ten indicios de ser certa: por una parte, Isabel II visitou Galicia entre o 1 e o 14 de setembro de 1858; por outra, apenas dous anos despois, o 16 de agosto de 1860, Fanny Garrido, de 18 anos de idade, contrae matrimonio co compositor Marcial del Adalid, de 34 anos, na Capela-Oratorio de Palacio do Excmo. Señor Capitán Xeneral, e ambos reciben a bendición nupcial na misa do día seguinte, sendo padriños do enlace o militar Atanasio Alesón e Dolores Bonilla y Valdivia, en representación da monarquía.